



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 346
6 de marzo de 2026

CSV: BOPGDSPG-0EQfhZHX-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 3 de marzo de 2026, polo que se toma coñecemento do Informe do Consello de Contas de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade do Concello de Lugo. Actuación [1702024_09]

[192069](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 24 de febreiro de 2026, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia ás deputadas autonómicas da IV lexislatura participantes na IV Conferencia Mundial da Muller celebrada en Beijing en 1995, a maioría delas pertencentes á primeira Comisión Parlamentaria para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres

[192069](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 3 de marzo de 2026, polo que se toma coñecemento do Informe do Consello de Contas de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade do Concello de Lugo. Actuación [1702024_09]

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de marzo de 2026, tomou coñecemento do informe que se cita e acordou o seu traslado á Comisión permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e publicación do acordo.

- 52002 (12/ICON-000027)

Consello de Contas de Galicia

Informe de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade do Concello de Lugo. Actuación [1702024_09]

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 24 de febreiro de 2026, de concesión da Medalla do Parlamento de Galicia ás deputadas autonómicas da IV lexislatura participantes na IV Conferencia Mundial da Muller celebrada en Beijing en 1995, a maioría delas pertencentes á primeira Comisión Parlamentaria para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres

Un gran fito da Cámara galega que merece ser tido en conta foi a constitución, por unanimidade dos tres grupos políticos, en 1994, da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, convertendo o Parlamento de Galicia en pioneiro en se dotar da citada comisión.

Esta comisión converteuse nun foro parlamentario por onde pasaron moitas asociacións de amplos sectores da sociedade e serviu para radiografar as necesidades das mulleres galegas moito antes de que o feminismo se convertese nunha ideoloxía.

A Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres estaba integrada polas seguintes deputadas:

- María José Ares Casal e María Teresa Fernández Piñeiro (PP)
- María Josefa Porteiro García e María Antonia Álvarez Yáñez (PSdG-PSOE)
- María Pilar García Negro e María Olaia Fernández Davila (BNG)



A Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres aprobou por unanimidade unha declaración conxunta para presentar na Conferencia Mundial da Muller que se celebrou en Beijing. A proposta, elaborada por María Pilar García Negro, contou co apoio total das demais deputadas a un texto que reclamaba, entre outras cousas, a elaboración, a discusión e a publicación dunha Carta dos Dereitos das Mulleres.

De forma xeral, a declaración conxunta poñía o seu acento na supresión lexislativa de toda discriminación que obstaculizase o acceso das mulleres a calquera posto laboral, profesional ou político. Ata entón, ningún outro parlamento autonómico tiña operativa unha comisión feminina destas características.

As deputadas compoñentes da Comisión para a Igualdade, ademais das deputadas Pilar Pedrosa González de Castejón, María Fernanda Cerviño Villaverde e María Elisa Madarro González, viaxaron a Pequín para defenderen a declaración.

Posteriormente, o 25 de outubro de 1995, o Parlamento de Galicia acordou, por unanimidade, ratificar a Declaración parlamentaria de Beijing, adoptada na IV Conferencia Internacional da Muller. O *Diario de Sesións* recolle que naquela xornada o Parlamento expresou «a súa vontade de que esta declaración se traduza en medidas políticas prácticas que contribúan a solucionar os problemas de discriminación e exclusión social das mulleres».

A Declaración e a Plataforma de Beijing de 1995 é unha axenda con visión de futuro e aínda hoxe continúa a ser a folla de ruta e o marco de políticas internacionais para acadar a igualdade de xénero e os dereitos humanos das mulleres e das nenas de todo o mundo.

Nesta senda, cabe salientar o traballo da deputada Manuela López Besteiro, do G. P. Popular de Galicia, que impulsou, na lexislatura anterior (III Lexislatura), como portavoz de igualdade, a Proposición de lei do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, aprobada no Parlamento na sesión plenaria do 18 de decembro de 1990. Así, créase por primeira vez, na Xunta de Galicia, un departamento con rango de dirección xeral dedicado á promoción da igualdade de homes e mulleres, dando lugar a programas de acción positiva para as mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia, en materias tales como o fomento do emprendemento feminino, o impulso, o asociacionismo, nomeadamente no rural, e accións de concienciación e loita contra a violencia de xénero.

No ano 2025 cumpríronse trinta anos da coñecida como *Conferencia de Beijing (1995)*, polo que a Xunta de Galicia e o Parlamento organizaron conxuntamente un acto conmemorativo do 30 aniversario deste encontro histórico na sede lexislativa.

Así, segundo o anteriormente exposto, consideramos un acto de xenerosidade, de xustiza e de recoñecemento outorgar a Medalla do Parlamento de Galicia ás deputadas que participaron na IV Conferencia Mundial de Beijing, e a Manuela López Besteiro, deputada e conselleira de Familia, Muller e Xuventude nese mesmo período lexislativo.

Visibilizar o traballo inédito e pioneiro daquelas deputadas de distintos grupos políticos supón mandar unha mensaxe positiva e de consenso, en momentos tan convulsos e de polarización, e mesmo do desprestixio actual das políticas de igualdade a nivel do Estado.



Cómpre lembrar que os representantes dos catro grupos parlamentarios da vixente lexislatura asinaron o 14 de novembro de 2025 o manifesto *De Beijing a Galicia: un compromiso que segue en pé*, como recoñecemento ao legado das que nos precederon, e coa determinación de referendar a folla de ruta que trinta anos despois continúa a nos guiar.

Visto o disposto nos artigos 8 a 15 do Regulamento das distincións e condecoracións do Parlamento de Galicia, a Mesa da Cámara, por unanimidade, na sesión do 24 de febreiro de 2026, adoptou o seguinte ACORDO:

Concederlles a Medalla do Parlamento de Galicia 2026 ás deputadas autonómicas da IV Lexislatura participantes na IV Conferencia Mundial da Muller celebrada en Beijing en 1995, a maioría delas pertencentes á primeira Comisión Parlamentaria para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres:

- María José Ares Casal (membro da comisión)
- María Teresa Fernández Piñeiro (membro da comisión)
- Pilar Pedrosa González de Castejón
- María Fernanda Cerviño Villaverde
- María Elisa Madarro González
- María Josefa Porteiro García (membro da comisión)
- María Antonia Álvarez Yáñez (membro da comisión)
- María Pilar García Negro (membro da comisión)
- María Olaia Fernández Davila (membro da comisión)

Así como á deputada e exconselleira Manuela López Besteiro

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

